

**ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS OFERTAS
CELEBRADA O DÍA 14 DE AGOSTO DE 2013**

Na Sala de Reunións da Área de Fomento no Concello de Vigo (2º andar), sendo as dez horas do día 14 de agosto, se reúne en sesión pública a Comisión encargada de seleccionar as ofertas para contratos menores de obras, segundo resolución do Concelleiro da Área de Fomento de data 30 de maio de 2013 e Decreto de Alcaldía de 20 de xuño de 2013.

A Comisión queda constituída coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente: D. José Rodríguez García. Asesor Xurídico da Área.

Actúa por delegación de D. David Regades Fernández, Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Transporte, que se atopa ausente.

Vogais: D. Álvaro Crespo Casal. Xefe da Área de Fomento.
D. José Rodríguez García. Asesor Xurídico da Área.

Secretaria: D^a. Sonia Gómez Álvarez. Técnica de Xestión da Área de Fomento.

O obxecto da reunión é seleccionar ao contratista das obras que a continuación se indican:

a) Contrato menor obras de "reparación dos pasos de peóns no termo municipal de Vigo" (expediente 1952-440).

Orzamento base de licitación (IVE incluído): 58.915,90 euros.

Se procede á apertura dos sobres que conteñen as ofertas presentadas para a obra de referencia, resultando as seguintes, ordenadas en función do prezo ofertado:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA
FONTANERIA RUMBO, S.L.	43.332,64 €
PROYECTA, S.L.	43.880,57 €
OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.	45.851,99 €
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	46.932,26 €
COPCISA, S.A.	48.387,63 €
C. ALDASA, S.L.U.	48.900,20 €
CONSTRUCCIONES CACHADA, S.L.	48.993,86 €
CIVIS GLOBAL, S.L.	49.000,35 €
CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ, S.L.	50.078,51 €
CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.	50.155,09 €
COVSA	50.402,55 €
EIRIÑA, S.L.	54.055,33 €
XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	57.089,51 €
ORESA, S.L.	58.326,74 €



A continuación e de acordo co previsto nas instrucións para a tramitación de contratos de obras menores na Área de Fomento, se procede do seguinte modo:

- 1.- Cálculo da media aritmética das ofertas presentadas.
- 2.- Unha vez calculada, se resta un 10% á mesma, tendo como conclusión que aquelas ofertas que se encontren por debaixo deste umbral ou límite (44.703,46 euros) son rexeitadas.

Aplicando o sinalado no apartado anterior, se exclúen da clasificación as ofertas correspondentes as mercantís que se citan a continuación:

- FONTANERÍA RUMBO, S.L. Proposición económica: 43.332,64 euros.
- PROYECTA, S.L. Proposición económica: 43.880,57 euros.

Resultando, polo tanto, que a mellor oferta das admitidas foi a presentada pola mercantil OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., por un importe de 45.851,99 euros.

Se comproba que a documentación persoal presentada por este licitador é correcta.

b) Contrato menor obras de "reparación da travesía dos Rosais-Teis" (expediente 1954-440).
Orzamento base de licitación (IVE incluído): 52.234,93 euros.

Se procede á apertura dos sobres que conteñen as proposicións económicas presentadas na obra de referencia, resultando as seguintes, ordenadas en función do prezo ofertado:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA
C. ALDASA, S.L.U.	35.519,76 €
OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.	35.743,00 €
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	37.752,87 €
FONTANERIA RUMBO, S.L.	37.896,44 €
COPCISA, S.A.	38.199,41 €
PROYECTA, S.L.	38.904,57 €
XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	39.123,96 €
CONSTRUCCIONES CRÉSPO, S.A.	39.280,65 €
COVSA	39.661,98 €
ORESA, S.L.	40.743,25 €
CIVIS GLOBAL, S.L.	41.260,37 €
EIRIÑA, S.L.	42.258,06 €
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	45.376,04 €
HORDESCON, S.L.	45.590,65 €
ANLLAR CONSTRUCCIONES, S.L.	47.570,34 €

A continuación e de acordo co previsto nas instrucións para a tramitación de contratos de obras menores na Área de Fomento, se procede do seguinte modo:

- 1.- Cálculo da media aritmética das ofertas presentadas.



2.- Unha vez calculada, se resta un 10% á mesma, tendo como conclusión que aquelas ofertas que se encontren por debaixo deste umbral ou límite (36.292,88 euros) son rexeitadas.

Aplicando o sinalado no apartado anterior, se exclúen da clasificación as ofertas correspondentes as mercantís que se citan a continuación:

- C. ALDASA, S.L.U. Proposición económica: 35.519,76 euros.
- OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. Proposición económica: 35.743,00 euros.

Resultando, polo tanto, que a mellor oferta das admitidas foi a presentada pola mercantil CONSTRUCCIONES VALE, S.L. por un importe de 37.752,87 euros.

Se comproba a documentación persoal presentada por este licitador, e se observa que na mesma figura declaración responsable de non variación das circunstancias de aptitude para contratar que constan no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº de inscrición 2318), pero non se achega o certificado de inscrición en dito Rexistro.

A continuación, a Comisión adoptou os seguintes acordos:

1º.- Publicar a presente acta no Perfil do Contratante da páxina Web municipal.

2º.- Remitir os expedientes ao Servizo Xestor para que requira aos licitadores clasificados en primeiro lugar para que aporten xustificante de ter depositado na Tesourería Municipal garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP no prazo de 5 días hábiles contados a partir da notificación:

- Obras de reparación dos pasos de peóns no termo municipal de Vigo (exp. 1952-440): OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
- Obra de reparación da travesía dos Rosais-Teis (exp. 1954-440): CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Se non o fixera entenderase que renuncia ao contrato, substituíndoo o licitador que teña presentado a seguinte oferta economicamente mais ventaxosa.

Previamente a este requirimento, no expediente relativo a obra de reparación da travesía dos Rosais-Teis, o Servizo Xestor debe comprobar os datos do certificado de inscrición da mercantil CONSTRUCCIONES VALE, S.L. no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Constituída a garantía formalizarase o contrato conforme ao previsto no artigo 111 do TRLCSP.

3º.- Conceder o prazo de un mes para que os licitadores que non resultaron adxudicatarios recollan, na Área de Fomento do Concello de Vigo



sita no 2º andar, as ofertas presentadas. Se non o fixeran, a referida documentación será destruída.

Finaliza a sesión ás 10:40 horas na data sinalada no encabezamento. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto a presente Acta da que dou fe.

O Presidente accidental
e Vogal

Asdo.: D. José Rodríguez García

O Vogal

Asdo.: D. Álvaro Crespo Casal

A Secretaria

Asdo.: D^a Sonia Gómez Álvarez

